

Texto e ilustracións: **ARNOLD LOBEL**
Tradución: **XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ**


Encadernado en cartonné. 15x21,5 cm.
72 páxinas. Ilustracións en color.
Dispoñible en:

- Galego: "Sopa de rato"
Tras os montes. ISBN 978-84-8464-208-4
- Catalán: "Sopa de ratolí"
Kalandraka. ISBN 84-95730-54-5
- Euskera: "Sagu Zopa"
Amets egiteko liburuak. ISBN 978-84-8464-226-8

Prezo: 15 €

SOPA DE RATO

- Pero eu non teño conto ningún -dixo a donicela.
- Teño eu -dixo o rato-. Podo contalos agora mesmo.
- Pois veña -dixo a donicela-. E rapidiño, que teño moita fame.



Un ratiño, a piques de ser papado por unha donicela, dille que para facer unha sopa de roedor moito máis saborosa precisa ingredientes de moitos contos. Entón, o astuto protagonista comeza a contarlle historias que a deixan encandeada...

A finalidade dos contos de Lobel -fábulas na súa meirande parte- é conseguir que os nenos aprendan a ler dun xeito divertido. "Só escritores cunha enorme sensibilidade como Lobel foron quen de utilizar un estilo inocente sen pecar de pueril, tanto na narración como nas ilustracións que creaba", dixeron os principais especialistas en Literatura Infantil e Xuvenil.

"Sopa de rato", xunto con "Contos de ratiños" e "O porquiño", son referentes literarios incuestionables, polos seus textos e imaxes sinxelos e evocadores.

ARNOLD LOBEL

(Os Ánxeles, 1933-Nova Iorque, 1987)

Estudou Arte no Pratt Institute, onde coñeceu á que sería a súa muller, a ilustradora Anita Kempler. Empezou traballando para unha axencia de publicidade e con posterioridade adicouse a ilustrar libros escritos por outros autores. En 1962 apareceu o seu primeiro libro, "A Zoo for Mister Muster", ao que lle seguiu un ano despois "A Holiday for Mister Muster". Como autor e ilustrador recibiu numerosos recoñecementos por parte do público e da crítica especializada. Entre os premios logrados destacan o Caldecott Honour Book, o Christopher Award, o Caldecott Award e o Newbery Honour Book. Ao longo da súa traxectoria ilustrou uns 70 libros doutros escritores, aos que se sumaron case unha trintena máis escritos e ilustrados por el mesmo.



- **Temática:** Libro de relatos
- **Idade recomendada:** Educación Infantil
- **Aspectos destacables:** Clásico da Literatura Infantil de todos os tempos, do mesmo autor de "O porquiño" e "Contos de ratiños" (KALANDRAKA). Consta dos relatos:
 - "As abellas e a lama"
 - "Dúas pedras grandes"
 - "Os grilos"
 - "A roseira"
- **Aplicacións:** iniciación á lectura, fábulas con mensaxe